



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 25 DE NOVIEMBRE DO 2020

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

Antes de dar comezo a sesión o Alcalde informa que se dará lectura a dous manifestos, un pola celebración do Día da Infancia e outro pola celebración do Día contra a violencia da muller.

De seguido da comezo a sesión co seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da actas de sesións anteriores.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **ás acta correspondentes ás sesións celebradas o 30 de setembro e o 29 de outubro do 2020.**

Non habendo intervencións enténdese aprobada por unanimidade dos presentes (11 votos).

2. Ordenanza reguladora do servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe de xeito literal:

Expediente núm. 1500/2020

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- Aprobación de Ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove e trinta horas do 25 de novembro de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.



O Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia establece, entre outros, os seguintes aspectos:

- Unha vez que xa transcorreron dous anos desde a entrada en vigor do Regulamento marco, as entidades locais deben ter adecuadas as súas ordenanzas e regulamentos sobre planificación, deseño, uso e verteduras ás redes de sumidoiros ao disposto nel, enténdéndose de aplicación directa o Decreto 141/2012 dende entón en todos aqueles aspectos que resulten incompatibles con el (ver disposición transitoria primeira).
- A responsabilidade da entidade xestora (Concello) de velar polo cumprimento do requirido no decreto 141/2012 e as súas ordenanzas locais, incluíndo o control de verteduras e a tramitación de permisos de vertedura.
- Prohibición de vertedura ás redes de sumidoiros e colectores de augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumpran o esixido na respectiva ordenanza ou regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións afectas ao servizo (artigo 2 e).
- A necesidade de dispor dun permiso de vertedura para os/as usuarios/as que cumpran os requisitos indicados no devandito Decreto. A obrigatoriedade para as entidades locais de comunicar a Augas de Galicia, dentro do mes seguinte ao da resolución de que se trate, os permisos de vertedura outorgados no seu ámbito consonte as disposicións deste regulamento, así como a súa revisión, modificación, suspensión ou revogación (art. 33.1).

Á vista do anterior e, toda vez que o concello de Cabanas non conta cunha Ordenanza de Saneamento debidamente adaptada ao Regulamento indicado e á vista do requirimento realizado por Augas de Galicia, ao que se acompaña un modelo de ordenanza tipo, esta Alcaldía-Presidencia, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a **Ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais**, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter a dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De seguido intervéen a concelleira **Eva García Amor** que explica que non contaban cunha ordenanza reguladora desta materia, motivo polo que llo ten solicitado Augas de Galicia e considera que será útil para ter un maior control das verteduras.

Ábrese o debate e intervéen a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que dende o Partido Popular non se van opor, ao contrario están a favor porque se trata dun tema moi importante e considera que é algo no que se debe avanzar.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (11 votos) adoptouse o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a **Ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais**, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter a dita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

3. Proposta acordo de adhesión á central de contratación da FEMP.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe de xeito literal:

Expediente núm. 1517/2020

PROPUESTA DE ACUERDO DE ADHESIÓN A LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP.

ANTECEDENTES

PRIMERO: La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEGUNDO: El Ayuntamiento de Cabanas está interesado en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, se propone al pleno la adopción del siguiente acuerdo:

PRIMERO.- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

SEGUNDO.- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

TERCERO.- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.

O **Alcalde** di que traen este acordo, coa idea de poder adherirse aos acordos marcos cos que conta a FEMP e que evitarían ter que licitar determinados servizos polo concello.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervén para dicir que dende o Partido Popular non atopan impedimento para aprobar o acordo, xa que non supón unha obriga de darlles todas as contratacións e mais ben para usar os seus acordos marco e indica que lles parece positivo.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMERO.- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.



SEGUNDO.- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

TERCERO.- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.

4. Incorporación de archivos audiovisuais ás actas das sesións plenarias.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe de xeito literal:

Expediente: 1477/2020

PROPOSTA ALCALDÍA. Incorporación arquivos de audiovisuais nas actas das sesións plenarias.

O artigo 52 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, confire aos libros de actas que regula a consideración de instrumento público solemne, actas que deben ter o contido mínimo previsto no artigo 50 do mesmo texto refundido; ambos preceptos teñen carácter básico conforme o indicado na disposición derradeira sétima, número 1, letra a) do texto refundido. Aos libros de actas, así como aos libros de resolucións, refírese tamén o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, cuxa aplicación ás comunidades autónomas é supletoria, tal e como ten manifestado o Tribunal Constitucional nas sentenzas 214/1989, do 21 de decembro, e 210/2014, do 18 de decembro.

Tanto a Lei 39/2015, do 1 de outubro, como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, xeneralizan o emprego de medios electrónicos. Concretamente, no que atinxe ás relacións ad extra, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, incorpora o uso xeralizado e obrigatorio de medios electrónicos tanto respecto dos documentos e actos administrativos en xeral (artigos 26.1 e 36.1) como en relación coas diferentes fases do procedemento administrativo (neste sentido poden citarse os artigos 71.1, 75.1, 80.2 e 88.4), e establece, así mesmo, no seu artigo 70.2, o formato electrónico dos expedientes administrativos. E, respecto das relacións ad intra, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, alude na súa exposición de motivos a que tamén neste eido a utilización dos medios electrónicos debe ser o habitual, e prevé, de xeito máis concreto, no seu artigo 46.1, que todos os documentos empregados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos, salvo cando non sexa posible. Ademais, ambas as leis recollen, respectivamente, nas súas disposicións derradeiras quinta e décimo sétima, un mandato de adaptación normativa á regulación nelas contida. En consecuencia, existe unha obriga de emprego de medios electrónicos nas actuacións das administracións públicas, polo que resulta imprescindible aplicala á obriga de levar libros de actas e de resolucións prevista na normativa de réxime local.

O Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas (DOG de 1/03/2018), establece no seu artigo 2.4 que:

“Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.”

Pola súa parte o RD 128/2018, do 16 de marzo, sobre o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (BOE de 17/03/2018), establece no seu artigo 3.2d) que as actas das sesións dos órganos colexiados se transcribirán polo secretario no libro de actas calquera que sexa o suposto ou formato, en papel ou electrónico. Cando o soporte sexa electrónico redactarase extracto en papel cos seguintes datos: lugar, data e hora da sesión, carácter ordinario ou extraordinario, asistentes, contido dos acordos e sentido dos votos, e opinión sintetizadas das deliberacións.

Asemade o artigo 18.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, recolle expresamente que:

“De cada sesión que celebre o órgano colexiado levantarase acta polo Secretario, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrouse, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. Poderán gravarse as sesións que celebre o órgano colexiado.

O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.”

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais e, ao abeiro





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o réxime de atribucións plenarias do artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.—Aprobar a incorporación de arquivos de audiovisuais das sesións plenarias nas actas das sesións plenarias deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do Decreto autonómico 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, tendo en conta as obrigas de emprego de medios electrónicos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nestes casos, unha vez implantado o sistema de gravación, os ficheiros resultantes das gravacións, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta electrónica da sesión, sen necesidade de facer constar na acta as deliberacións dos concelleiros/as, sen prexuízo do extracto en papel cos datos do artigo 3.2 d) do RD 128/2018.

SEGUNDO.—Notificarlle este acordo á/s persoa/s interesada/s e comunicarllo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** intervéñ para dicir que xa hai anos que se viña gravando o audio, di que, recentemente incorporaron a gravación de vídeo, neste senso indica que teñen prevista unha inversión para mellorar as condicións de gravación e considera ademais que é un acordo importante para mellorar e axilizar a redacción das actas.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.—Aprobar a incorporación de arquivos de audiovisuais das sesións plenarias nas actas das sesións plenarias deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do Decreto autonómico 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, tendo en conta as obrigas de emprego de medios electrónicos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nestes casos, unha vez implantado o sistema de gravación, os ficheiros resultantes das gravacións, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta electrónica da sesión, sen necesidade de facer constar na acta as deliberacións dos concelleiros/as, sen prexuízo do extracto en papel cos datos do artigo 3.2 d) do RD 128/2018.

SEGUNDO.—Notificarlle este acordo á/s persoa/s interesada/s e comunicarllo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

5. Aprobación “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Cabanas.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe de xeito literal:

Expediente núm.: 1519/2020

PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN “PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO DE CABANAS”

Vista a subvención concedida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, con cargo ao Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, publicada no DOG



nº 93, de 14 de maio de 2020, para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES).

Redactado o dito plan, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobado o Plan de acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do concello de Cabanas

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

O **Alcalde** intervéñe para dicir que este documento pon de manifesto a situación na actualidade as inversións necesarias, que supoñen arredor de 4 millóns de euros, polo terán que traballar duro para acadar os obxectivos aí plasmados.

A concelleira intervéñe para dicir que están ante un tema que xa comezara co seu goberno e cren que é algo positivo, porque un concello máis moderno necesita pensar en verde.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobado o Plan de acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do concello de Cabanas

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

6. Expediente modificación de créditos por transferencia 28/2020.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe de xeito literal:

Expediente: 1535/2020

Proposta Alcaldía

Procedemento: Modificación de créditos por transferencia de crédito 28/2020

INFORME-PROPOSTA

PRIMEIRO. Mediante Providencia de Alcaldía de data 16 de novembro de 2020, incoouse expediente para a redución de gastos do Orzamento en vigor, mediante a modalidade Transferencia de créditos nº 28/2020.

SEGUNDO. Con data 16 de novembro de 2020, emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

TERCEIRO. Con data 16 de novembro de 2020 emitíronse informes de Secretaría e Intervención.

Visto canto antecede, elévase a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobado o expediente de modificación de créditos núm. 28/2020 coa modalidade de Transferencia de créditos, de acordo co seguinte detalle:

Partidas de gastos ás que se transfere crédito:

Partida	Denominación	Consignación	Crédito Transferido	Consignación resultante	Partida Procedencia
1623.22700	Limpeza e aseo	135.000,00	18.000,00	153.000,00	3341.22609





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

2315.22799	Outros traballos realizados outras empresas e profesionais	200.000,00	27.000,00	227.000,00	3300.22103 3300.22706 3341.22699 3411.22609
Total de incremento por créditos transferidos.....45.000,00 €.					

Partidas de gastos das cales se transfire crédito:

Partida	Denominación	Consignación	Crédito Dispoñible	Crédito Transferido	Consig. resultante	Partida destino
3300.22103	Combustibles e carburantes	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3300.22706	Estudos e traballos técnicos	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3341.22609	Actividades culturais e deportivas	50.000,00	29.997,64	18.000,00	32.000,00	1623.22700
3341.22699	Outros gastos diversos	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3411.22609	Actividades culturais e deportivas	50.000,00	28.896,99	24.000,00	23.000,00	2315.22799
Total de baixas de créditos transferidos.....45.000,00 €						

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O **Alcalde** di que teñen que traer esa modificación derivada do sobre custes que hai en materia de SAF e tamén derivados do maior importe da recollida selectiva de residuos.

A concelleira **Elena Arias Martínez** pregunta se o confinamento tivo algo que ver co aumento do gasto da recollida residuos.

O **Alcalde** di que, obviamente ao pasar mais tempo na casa, xerouse unha maior cantidade de residuos.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que sobre este asunto botan en falta ter un estado de execución completo e ademais di que hai outras situacións que non se ven contempladas, polo que anuncia que se absterá.

Sometido o asunto a votación e por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, PP, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 28/2020 coa modalidade de Transferencia de créditos, de acordo co seguinte detalle:

Partidas de gastos ás que se transfire crédito:



Partida	Denominación	Consignación	Crédito Transferido	Consignación resultante	Partida Procedencia
1623.22700	Limpeza e aseo	135.000,00	18.000,00	153.000,00	3341.22609
2315.22799	Outros traballos realizados en outras empresas e profesionais	200.000,00	27.000,00	227.000,00	3300.22103 3300.22706 3341.22699 3411.22609
Total de incremento por créditos transferidos.....			45.000,00 €.		

Partidas de gastos das cales se transfire crédito:

Partida	Denominación	Consignación	Crédito Disponible	Crédito Transferido	Consig. resultante	Partida destino
3300.22103	Combustibles e carburantes	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3300.22706	Estudos e traballos técnicos	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3341.22609	Actividades culturais e deportivas	50.000,00	29.997,64	18.000,00	32.000,00	1623.22700
3341.22699	Outros gastos diversos	1.000,00	1.000,00	1.000,00	0,00	2315.22799
3411.22609	Actividades culturais e deportivas	50.000,00	28.896,99	24.000,00	23.000,00	2315.22799
Total de baixas de créditos transferidos.....			45.000,00 €			

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

II. Parte control órganos Corporación:

7. Informes da Presidencia:

a) Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o último pleno ordinario.

8. Mocións de urxencia.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** indica que vai presentar dúas mocións de urxencia, a primeira delas en defensa dos servizos sanitarios.

O **Alcalde** invita ao concelleiro a que xustifique a urxencia da moción.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro di que se trata de dun tema urxente e de máxima actualidade xa que se está a producir un desmantelamento da atención primaria.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos presentes (11 votos).

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción que, de xeito literal, di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos sanitarios públicos en Cabanas estanse a deteriorar neste último ano. No medio desta pandemia, o Centro de Saúde debe sustentar a detección, o rastrexo e o seguimento dos novos casos de Covid, así como o tratamento das demais patoloxías que sofre a poboación, xa que as persoas con Covid ou sen el, seguen sufrindo doenzas e patoloxías derivadas da súa idade, do seu estado de saúde ou por algunha situación que requira atención médica. Ademais, sumouse este 2020 as vacantes das dúas médicas de familia do ambulatorio de Cardeita, ben por xubilación ou por concurso de traslados. Sabemos que virá un novo médico para o centro, pero nada sabemos da cobertura da outra praza e mais de vindeiras xubilacións.

Pero a realidade en Cabanas en canto á Atención Primaria, vólvese desoladora. A atención telefónica debe ser mellorada, posto que os usuarios non obteñen resposta ás súas demandas por ter un sistema desbordado con pouco persoal para a enorme carga de traballo. Problemas como a falta de persoal e a cobertura das baixas das e dos profesionais ocasionan que a atención primaria demore semanas para que as doentes poidan ser atendidas.

Por iso, o Pleno de Cabanas ACORDA

-- Instar á Xunta de Galicia a

Primeiro.- Fortalecer o servizo de atención primaria do Sergas en Cabanas a través da contratación de máis persoal sanitario de forma inmediata.

Segundo.- Reforzar os servizos de atención telefónica sanitaria dotando de máis recursos persoais e materiais para reducir os tempos de espera e resposta ás persoas usuarias.

Terceiro.- Reducir os tempos de espera para ser atendido pola médica de cabeceira perante calquera patoloxía.

Cuarto.- Reducir as cotas doente/médico co fin de aumentar o tempo de atención a cada doente.

Quinto.- Aumentar o persoal de rastrexo perante novos gromos de Covid-19.

Sexto.- Asumir as tarefas de desinfección do actual Centro de Saúde de Cardeita.

-- E ao goberno local de Cabanas a

Sétimo.- Establecer no PXOM en tramitación un espazo suficiente para un Centro de Saúde que poida asumir máis servizos de atención primaria.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que considera que as demandas da moción son evidentes e a pandemia ensinou, entre outras cousas, que están empeorando as condicións do servizo de atención primaria e aínda que o centro de saúde necesita melloras, interiores e exteriores, non sabe se é o momento agora de facer cambios no PXOM, cando xa está enviado á Xunta.

A concelleira **Eva García Amor** di que está tamén de acordo coa moción, pero ao igual que o concelleiro do BNG non ve correcto introducir nese punto melloras no PXOM.



A concelleira **Elena Arias Martínez** di que é evidente que a pandemia os colleu desprevidos, pero o feito de que queden vacantes e aínda non se resolvera o concurso non ten nada que ver con ese tema e di que, claro que os veciños teñen que ter as súas necesidades cubertas, pero cre que a Xunta de Galicia ten sido un exemplo de previsión e na súa maneira de facer as cousas.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que as intervencións son moi clarificadoras e non está falando so do persoal, senón tamén dos medios e di que xa argumentou, noutras ocasións, o tema do cambio do PXOM e considera que poñer o interese xeral por debaixo dos intereses dos partidos é unha limitación, por exemplo, á hora de pedir novas especialidades para o centro, ademais de non solventar a precariedade actual, polo tanto di que non se debe reclamar máis persoal, senón tamén máis medios.

O **Alcalde** di que lle gustaría incluír un sexto punto no que se pida que a Xunta asuma a titularidade do centro de saúde, o que implicaría, entre outros, que se fixesen cargo da desinfección; respecto do resto da moción están a favor, cre que é evidente que teñen un sistema sanitario moi debilitado, e o centro de saúde non so é precario na actualidade, senón que tamén ten serios problemas de accesibilidade.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que lle gustaría facer unha puntualización e é corrixir a moción e poñer que o tema do PXOM sexa unha declaración de intencións, máis que unha obriga, eliminando o termo tramitación.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que segue a ser unha cuestión de vontade política, da igual o que se poña, polo que non entende o debate.

A concelleira **Eva García Amor** di que a ela tamén lle gustaría que se eliminase esa parte.

O **Alcalde** tamén suxire sacar ese apartado.

Finalmente os concelleiros pónese de acordo en eliminar este apartado , así como incluír un apartado para solicitar que a Xunta asuma a titularidade do centro de saúde.

Sometida a votación a moción nos termos arriba descritos e por unanimidade dos presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Fortalecer o servizo de atención primaria do Sergas en Cabanas a través da contratación de máis persoal sanitario de forma inmediata.

Segundo.- Reforzar os servizos de atención telefónica sanitaria dotando de máis recursos persoais e materiais para reducir os tempos de espera e resposta ás persoas usuarias.

Terceiro.- Reducir os tempos de espera para ser atendido pola médica de cabeceira perante calquera patoloxía.

Cuarto.-Reducir as cotas doente/médico co fin de aumentar o tempo de atención a cada doente.

Quinto.- Aumentar o persoal de rastrexo perante novos gromos de Covid-19.

Sexto.- Asumir a titularidade do centro de saúde e, por ende, as tarefas de desinfección do actual Centro de Saúde de Cardeita.

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** indica que ten outra moción en defensa dos camiños públicos e que di que ven derivada das queixas que lle presentan os veciños e cre que é urxente, porque non é un tema que se poda deixar para dentro de dous meses.

O texto da moción é o que literalmente se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), establece a obriga da Administración de ditar en todos os procedementos resolución expresa sobre o fondo do asunto e notificala, sen prexuízo de que no procedemento interveña prescrición, renuncia, caducidade ou desistencia, ou ben a desaparición sobrevinda do seu obxecto, pois cando concorran estas circunstancias haberá de ditarse dita resolución en tal sentido. Quedan exceptuados desta obrigaón exclusivamente os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou os relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Debe engadirse que o apartado 7 do artigo 42 da LRJPAC establece que «O persoal ao servizo das Administracións públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obrigaón legal de ditar resolución expresa en prazo», podendo dar lugar o seu incumprimento á existencia de responsabilidade disciplinaria.

De acordo co artigo 103 da Constitución, a administración local debe actuar de acordo cunha serie de principios, entre eles, os de eficacia, eficiencia, simplificación de procedementos, transparencia, boa fe, protección da confianza lexítima e proximidade aos cidadáns, así como sometemento á Constitución e ao ordenamento xurídico.

O art. 28 da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das AAPP, precepto de carácter básico, establece que as administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio, e que, a tal fin, protexerán adecuadamente os bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral, e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para iso. Ademais (engade o apartado 2 do Art. 29), os titulares de concesións e outros dereitos sobre os bens de dominio público están obrigados tamén a velar pola súa custodia e defensa. O Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais), despois de sinalar no Art. 9 que as Entidades locais teñen a obrigaón de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos, aborda no Capítulo III do seu Título I unha serie de cuestións que levan á necesidade de desenvolver (conxuntamente cos preceptos da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os da Lei 33/2003 de 3 de novembro, Patrimonio das AAPP con carácter de básicos) os seguintes temas en relación coa materia: inventario e rexistro de bens das entidades locais, administración dos bens das Entidades Locais e as prerrogativas das Entidades Locais en defensa dos seus bens Potestade de investigación da Entidades Locais tanto a potestade de deslinde coma a recuperación de oficio dos bens.

Á vista de sucesivas queixas que recibimos relativas a camiños municipais, estimamos que o goberno local podería estar a incumprir os devanditos preceptos.

Por iso, o Pleno de Cabanas ACORDA

Instar ao goberno local a

- 1. Que os asuntos da cidadanía presentados en relación a bens municipais sexan resoltos nun prazo razoable, de acordo aos principios de eficacia e de sometemento pleno á lei e ao dereito.**
- 2. Conservar os seus bens e investigar a súa situación naqueles casos en que se presuma a súa titularidade municipal, especialmente no caso dos camiños públicos.**

A concelleira **Eva García Amor** di ao concelleiro que non sabe a que se refire.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que o asunto vai na liña de que se conteste en prazo aos veciños e se respecten os bens municipais.

O **Alcalde** di que nalgún caso hai certo retraso pola carga de traballo, pero indica que o mantemento dos bens si que se vai facendo e non ve urxente o motivo da moción.



Sometida a votación a urxencia de moción é rexeitada por seis (6) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco (5) votos a favor dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto.

9. Rogos e preguntas.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que, antes de formular as preguntas que ten previstas para ese pleno, gustaríalle dicir, en relación á conmemoración do 25N, do que fai un resumo do seu orixe, que quere comentar que está de acordo coa declaración institucional que foi lida pola concelleira Paula Fernández Grueiro, pero o ano anterior, con motivo do 8M fíxose un acto no concello, tamén se leu unha declaración institucional e nunha das partes dese manifesto falábase da desatención dos partidos de dereitas á ese tema; di que, ese día non manifestaron nada, pero xa non quere calar mais con ese tema e quere dicirlles que a represión e as mulleres que morren, son mulleres de esquerdas e tamén de dereitas.

De seguido a concelleira formula as seguintes preguntas:

- Con respecto ao COVID gustaríalle saber cal é a situación real e cantos traballadores se tiveron que someter á PCR.

O **Alcalde** di que teñen a mesma información que aparece na páxina web do SERGAS, di que por parte da Xunta non se está informado aos concellos, e tampouco aos corpos e forzas de seguridade do Estado, para poder vixiar si se están a cumprir as corentenas, polo que, insiste que non pode achegar mais datos, dos que xa están publicados. Polo que se refire aos traballadores do concello, explica que se fixeron PCR a 11 traballadores.

A concelleira **Paula González Grueiro** intervén para dicir que se fixeron PCR aos traballadores de obras e servizos e, derivado da mala xestión do SERGAS, atoparon un contacto estreito a quen os rastrexadores nin chamaron e ao que lle dan cita no centro de saúde para unha semana mais tarde, polo que a solución que atoparon foi chamar ao servizo de prevención de riscos do concello e facer as probas, dando todos negativo e indo todos a traballar novamente, excepto o contacto estreito, que gardou a preceptiva corentena.

- A concelleira pregunta como vai o orzamento de 2021, tendo en conta que durante os mandatos do PP sempre lles botaban en cara que non o tiveran listo antes.

O **Alcalde** di está practicamente listo.

A concelleira pregunta se o terán listo entón antes do 30 de novembro.

O **Alcalde** espera poder enviarlles un borrador a principios de decembro.

- A concelleira di que lle gustaría preguntar ao concelleiro Iago Varela Martínez se antes de ir repartir panfletos no arredor do centro de saúde, se fixo unha proba PCR.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que a actividade política non está limitada por ningún protocolo, e que ía equipado coa correspondente mascarilla e gardando a distancia de seguridade, non fixeron nada que non puideran facer, polo que o que non sabe é se lle molesta á concelleira que fixeran este tipo de reivindicacións.

A concelleira **Elena Arias Martínez** replica que o que lle molesta e que vaia a repartir panfletos sen facerse previamente unha PCR e di ao concelleiro que debería exercer a súa responsabilidade política con responsabilidade.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que entón, segundo o plantexamento da concelleira, hai que facer unha PCR cada vez que se ven a entregar un papel ao rexistro, como fixo o grupo político do PP en días anteriores.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que estaría moi ben que así se fixera.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Con respecto ao camiño de Lavandeira ao Igrexario a concelleira di que no Pleno anterior o alcalde comentou que faltaba a segunda parte desa obra.

O **Alcalde** di que llo dixo por erro, xa que en realidade xa estaba toda executada.

A concelleira di que a obra debería chegar a Igrexario.

O **Alcalde** di que se realizou o tramo previsto no proxecto e que está aí para ver.

A concelleira di que entón algo pasaría e irán a ver o proxecto.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que o título da obra non quere dicir que sexa o camiño enteiro e ademais di que ese proxecto fíxoo o grupo político municipal do PP cando estaban no goberno, polo que xa debería sabelo; en todo caso di que todos os camiños que queden a medias queren rematalos.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que a pregunta ven de aí, precisamente, porque sabe a ciencia certa que o proxecto non remataba aí e que non se finalizou a obra ata onde debería chegar.

O Alcalde di á concelleira que non asegure tanto.

- A concelleira di que teñen queixas por fochas e despois de gastar dous mil euros, gustaríalle saber que clase de material se usou para facer ese rebacheo e se non hai algunha responsabilidade da empresa.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** pregunta á concelleira se lle pode dicir exactamente onde hai as queixas.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que en todo o que se fixo, pero por poñerlle un exemplo en Irís.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que non sabe exactamente que materiais se usaron, pero que llo dirá no próximo pleno.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que non lle fai falla que lle traia os materiais, senón que asuma a súa responsabilidade e que pida tamén responsabilidades á empresa que realizou as obras.

- A concelleira di que ten entendido que a traballadora social pediu unha excedencia e pregunta se non teñen previsto contratar a alguén que a substitúa.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que xa está en marcha o proceso selectivo e contan con ter unha persoa a vindeira semana.

- A concelleira di que ve que se están esmerando co alumado de nadal, pero no rural están todos a escuras.

A concelleira **Eva García Amor** di que, cada vez que reciben unha incidencia, nunha semana máximo arránxana.

A concelleira **Elena Martínez Arias** di que dubida que sexa así, porque hai en sitios que os arranxos levan meses pendentes e o alumado de nadal é importante, pero cre que tamén o é dar un servizo aos veciños.

- A concelleira di tamén que os parques infantís seguen parecendo selvas e gustaríalle saber como vai o tema.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que o de que parecen selvas non o comparte, pero en todo caso, quere dicirlle que se están rozando e mais a miúdo os que mais afluencia teñen.



A concelleira **Elena Arias Martínez** di que lle fai gracia, porque cando estaba na oposición o equipo de goberno, queixábanse de que so se limpaban os parques do areal e agora resultan que fan o mesmo.

- A concelleira pregunta como vai o tema do KDM e se xa teñen buscada outra situación para o clube, no caso de ter que abandonar a actual.

O **Alcalde** di están en conversas coa propiedade, para que podan seguir aí e tamén están vendo unha ubicación alternativa que podan darlles.

A concelleira **Elena Arias Martínez** pregunta se hai algún tipo de previsión sobre esa ubicación.

O **Alcalde** di que hai poucas parcelas preto do mar e teñen unha opción, pero non é mais positiva e, en todo caso, espera non ter que chegar a ese punto.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que a cuestión se solucionaríase precisamente coa aprobación do PXOM.

O **Alcalde** di que non, porque os terreos aos que se refire a concelleira son rústicos.

A concelleira **Elena Arias Martínez** replica que si estaba contemplado e o Alcalde sábeo, pero en todo caso cre que deberían ter un plan B que non pase por levar aos nenos á praia, pola súa perigosidade e di que si o fan encontrarán a oposición do grupo político municipal do Partido Popular sempre, porque consideran que os nenos deben estar por riba de todo.

O **Alcalde** di que precisamente por ese motivo o plan B que propuxo o clube non lles parece axeitado e o problema é que non teñen ningunha parcela con acceso ao río.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que moi poucos clubes teñen a auga ao lado, porque se prioriza a seguridade e si se pode deixar na situación actual parécelle ben, pero senón pídelles que prioricen a seguridade dos nenos.

- A concelleira di que, por último, gustaría lle saber en que estado se atopa o PXOM.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que cando haxa novidades serán os primeiros en sabelo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez** formula as seguintes preguntas:

- O concelleiro pregunta, en primeiro lugar, se xa teñen trasladada á Xunta toda a información relativa ao PXOM.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que non, porque requiriron documentación adicional.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que dende marzo de 2019, levan xa un ano e seis meses para realizar iso, cre que poden estar orgullosos.

- O concelleiro solicita que lle dean unha explicación polo peche do PAI durante un mes.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que o mércores, 28 de outubro, o xerente da empresa que leva o servizo do PAI comunicou ao concello que dúas persoas da comunidade educativa tiveran contacto estreito cun positivo, motivo polo que, despois de valoralo, e a pesar de non ser obrigatorio, decidiron pechar o PAI o 29 e 30 de outubro, á espera das probas oportunas. Continúa explicando que cando souberon que eran positivos, foi a Xefatura territorial de Sanidade, quen tomou a decisión de confinar ás crianzas e despois non se conseguiu abrir durante todo ese tempo, porque algunha das mestras continuaba a dar positivo na PCR e non se conseguiu unha persoa para reempazala, polo que o peche continuou ata o 24. A concelleira di que tiveron queixas de varias familias pola tardanza en realizar as probas PCR e instáronos a presentar a reclamación oportuna no Sergas.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta se en ningún momento previron que as mestras podían ter que gardar corentena e a súa substitución ou falar coa empresa para que contara con substitutas.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que para a empresa era inasumible polas condicións económicas do contrato e non deron atopado.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que acaban de aprobar unha transferencia de crédito e non vese modificación unha aposta efectiva pola conciliación.

- O concelleiro di que, ao fío do anterior, ten outra pregunta sobre o PAI que é saber con que EPIS contan as traballadoras do mesmo, xa que ten queixas de que non teñen de todo.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que non lles chegaron queixas nese sentido e cre que teñen todos os EPIS necesarios.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** suxírelles, por se volve a pasar, que se podan realizar as PCR.

- O concelleiro continúa dicindo que se viu envolto nun lío cun concelleiro da Corporación, a raíz dunha publicación estrambótica nas redes sociais, que o deixou estupefacto e gustaríalle que o concelleiro Iago Varela Martínez lle explicase a contestación que lle fixo a un veciño pola colocación dun poste en Vilachá, nos números 24 e 26-

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que non lle ten que dar explicacións do que pon nas redes sociais, so faltaría, ademais de que non respondeu a nada que non lle dixera xa ao concelleiro no último pleno.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que puxo algo na súa contra.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** insiste en que son as súas redes sociais e non lle vai a dar explicacións de ningún tipo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta se o concelleiro facía referencia ao expediente núm. 669/2020.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que non llo pode dicir porque non ten aí o expediente.

O **Alcalde** intervéñ para dicir ao concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña que, se quere respostas concretas que faga as preguntas por escrito, que para iso están.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que lle gustaría saber se na Resolución que figura no expediente que mencionou antes.

O **Alcalde** interrompe ao concelleiro para dicirlle que faga o favor de pasar á seguinte pregunta.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que está argumentando para poder rematar a pregunta e continúa dicindo que a intervención que o concelleiro Iago Varela Martínez fixo no Facebook ven a raíz de que se denega unha licenza urbanística para colocación de postes, e recoméndase soterrar e presentar proxecto, polo que, lle gustaría que lle aclarasen se houbo un requirimento para retirar o poste sen licenza.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que xa indicara que se lle enviou un requirimento á empresa.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta se lle pode dicir o número concreto desa resolución.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** indícalle que o solicite por escrito.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que, entende, entón que esa resolución non existe.



- O concelleiro continúa dicindo que lle gustaría falar da situación do tema da iluminación pública na corredoira entre a Igrexa e Porto, porque di que na última década se fixeron aí varias obras e retiráronse dúas farolas e, na actualidade di que non hai luz e as persoas que habitualmente pasan por aí téñenlle feito estas observacións.
- O concelleiro di que hai dous meses comentou que había problemas de alumeado na zona do Areal e a única solución atoparon, polo que veu, foi poñer o alumeado de Nadal, que está moi ben, pero considera que deberían revisar a iluminación pública.
- O concelleiro di que tamén que suxire que iluminen o paso de peóns da rotonda.

A concelleira **Concepción Rodríguez Fernández** di que están xa traballando nese tema e pediron varios orzamentos.

- O concelleiro di que tamén lle pediron varios veciños que solicitara que a iluminación do Nadal pase por riba do Comesano.
- O concelleiro roga que arranxe o camiño dos Chaos.
- Roga tamén que revisen o tema da limpeza de fincas en solo urbano, posto que tivo varias queixas dos veciños.
- O concelleiro di que tamén lles suxire que no paseo marquen as direccións cunhas frechas, xa que os carteis son moi pequenos.
- O concelleiro di que tamén lles fixeron notar varios veciños que se están colocando mais colectores verdes de debido e iso supón menos reciclaxe.

A concelleira **Eva García Amor** di que lle sorprende, porque so puxeron novos mais amarelos.

- O concelleiro di tamén que, en canto ao tema do edificio O Penso, gustaríalle aclarar unha serie de cuestións; di que tiveron queixas dos veciños, en concreto un dos áticos que ten filtracións de auga e comprometéronse a que ía ir alí a empresa, pero non lle consta que fora.

O **Alcalde** di que cre que o arquitecto director da obra pasou por alí, pero que, sen non é así, recordarallo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña**, sobre este mesmo tema, di que lle gustaría saber cal é a garantía da obra e si se van amañar os problemas que hai aí.

O **Alcalde** di que non sabe exactamente que tipo de garantía ten esa obra, pero mirarao e dille algo.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e dous minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

